

CONVOCATORIA DA DXRREEeUE DE SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR PRESENTADOS POLOS AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA

CONVOCATORIA DE LA DGRREEyUE DE SUBVENCIONES PARA PRPYECTOS DE COOPERAXCIÓN AL DESARROLLO EN EL EXTERIOR PRESENTADOS POR LOS AGENTES DE LA COOPERACIÓN GALLEGA

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O DOCUMENTO DE FORMULACIÓN DE PROXECTOS	INSTRUCCIONES PARA CUBRIR EL DOCUMENTO DE FORMULACIÓN DE PROYECTOS
INTRODUCCIÓN Este documento contén recomendacións para cubrir o documento de formulación de proxectos. O devandito documento estruturouse de xeito que nel queden recollidas todas as necesidades de información detectadas nos últimos anos de experiencia de cooperación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREEeUE). O DOCUMENTO DE FORMULACIÓN representa unha sistematización da fase de formulación dos proxectos. Debe ser cuberta pola ENTIDADE que presente o proxecto ou no caso de agrupacións, pola entidade líder do proxecto en colaboración coas súas socias, tendo en conta que non substitúe, necesariamente, aos outros documentos e anexos do proxecto que se poidan xuntar, pero si deben acompañalo como instrumento metodolóxico imprescindible para a súa análise e eventual aprobación. Recórdase que toda a documentación e o documento de formulación do proxecto presentaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal/portada) A falta de documentación nalgunha das carpetas ou da xustificación desas faltas, impedirán a avaliación do proxecto, se non tivo lugar a súa emenda dentro dos prazos establecidos, en caso de que o documento sexa emendable. Non pasarán á fase de valoración as propostas que non empreguen os documentos de formulación normalizados (tanto o técnico como o económico) adaptados á presente convocatoria A presente guía debe tomarse como un apoio á formulación non coma unha esixencia. As recomendacións son de máximos pero en ningún caso obrigatorias, simplemente tratan de dar ideas e ser unha axuda.	INTRODUCCIÓN Este documento contiene recomendaciones para cubrir el documento de formulación de proyectos. Dicho documento se estructuró de manera que en él queden recogidas todas las necesidades de información detectadas en los últimos años de experiencia de cooperación de la Dirección General de Relaciones Exteriores y con la UE (DGRREEyUE). El DOCUMENTO DE FORMULACIÓN representa una sistematización de la fase de formulación de los proyectos. Debe ser cubierta por la ENTIDAD que presente el proyecto o en caso de agrupaciones, por la entidad líder del proyecto en colaboración con sus socias, tener en cuenta que no sustituye, necesariamente, a los otros documentos y anexos del proyecto que se puedan adjuntar, pero sí deben acompañarlo como instrumento metodológico imprescindible para su análisis y eventual aprobación. Se recuerda que toda la documentación y el documento de formulación del proyecto se presentarán a través de la sede electrónica de la Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal/portada) La falta de documentación en alguna de las carpetas o de la justificación de esas faltas, impedirán la evaluación del proyecto, si no tuvo lugar su enmienda dentro de los plazos establecidos, en caso de que el documento sea enmendable. No pasarán a la fase de valoración las propuestas que no utilicen los documentos de formulación normalizados (tanto el técnico como el económico) adaptados a la presente convocatoria La presente guía debe tomarse como un apoyo a la formulación no como una exigencia. Las recomendaciones son de máximos, pero en ningún caso obligatorias, simplemente tratan de dar ideas y ser una ayuda.

QUEN PODE PRESENTAR UN PROXECTO? QUEN PODE PARTICIPAR? (Art. 1 e 3.1). Poden presentar proxectos as entidades recoñecidas como axentes de cooperación para o desenvolvemento pola Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Poden acceder ás subvencións os proxectos presentados por unha agrupación de entidades conformada por calquera das entidades definidas como axentes de cooperación segundo o artigo 96.3. Non se considerará agrupación de entidades a aquela que estea formada por unha asociación e federación á que pertenza dita asociación ou aquela na que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas. . Así mesmo, non terá a condición de entidade agrupada aquela que non participe economicamente na xestión do proxecto, ben con cargo á subvención ou ben con aportes propios. Exclúense destas bases os proxectos que teñan como obxecto a axuda humanitaria e os de carácter asistencial que non poidan asegurar a súa viabilidade cando cese o financiamento externo. As entidades solicitantes deberán cumprir cos requisitos establecidos no artigo 3.1 das bases.	¿QUIÉN PUEDE PRESENTAR UN PROYECTO? ¿QUIÉN PUEDE PARTICIPAR? (Art. 1y 3.1). Pueden presentar proyectos las entidades reconocidas como agentes de cooperación para el desarrollo por la Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora de la acción exterior y de la cooperación para el desarrollo de Galicia Pueden acceder a las subvenciones los proyectos presentados por una agrupación de entidades conformada por cualquiera de las entidades definidas como agentes de cooperación según el artículo 96.3. No se considerará agrupación de entidades a aquella que esté formada por una asociación y federación a la que pertenezca dicha asociación o aquella en la que los órganos de gobierno sean coincidentes, total o parcialmente, en todas las entidades agrupadas. Así mismo, no tendrá la condición de entidad agrupada aquella que no participe economicamente en la gestión del proyecto, bien con cargo a la subvención o bien con aportes propios. Se excluyen de estas bases los proyectos que tengan como objeto la ayuda humanitaria y los de carácter asistencial que no puedan asegurar su viabilidad cuando cese la financiación externa. Las entidades solicitantes deberán cumplir los requisitos establecidos en el artículo 3.1 de las bases.
QUE PROXECTOS PODEN SER COFINANCIADOS? Poden ser cofinanciados todos os proxectos que cumpran os requisitos publicados na Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación. Cada un dos proxectos que se presenten deben reunir os requisitos establecidos no artigo 3.2 e 3.3 das bases para ser correctamente avaliados. Lembrar que, consonte o artigo 3.2, as entidades solicitantes poderán presentar un máximo de dous proxectos, ben sexan individuais ou ben en agrupación con outras entidades. No caso de presentar máis dun proxecto, a lo menos un ten que executarse necesariamente nun país definido como prioritario no vixente Plan Director da cooperación galega. Nas universidades esta limitación aplícase por Departamento. Os proxectos presentados por unha agrupación de entidades contan como un proxecto presentado por cada unha das entidades agrupadas.	¿QUÉ PROYECTOS PUEDEN SER COFINANCIADOS? Pueden ser cofinanciados todos los proyectos que cumplan los requisitos publicados en la Orden de la Consellería de Presidencia, Justicia y Deportes, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, para la ejecución de proyectos de cooperación para el desarrollo en el exterior promovidos por los agentes de cooperación. Cada uno de los proyectos que se presenten debe reunir los requisitos establecidos en el artículo 3.2 y 3.3 de las bases para ser evaluados correctamente. Recordar que, conforme al artículo 3.2, las entidades solicitantes podrán presentar un máximo de dos proyectos, bien sean individuales o bien en agrupación con otras entidades. En caso de presentar más de un proyecto, por lo menos uno tiene que ejecutarse necesariamente en un país definido como prioritario en el vigente Plan Director de la cooperación gallega. En las universidades esta limitación se aplica por Departamento. Los proyectos presentados por una agrupación de entidades cuentan como un proyecto presentado por cada una de las entidades agrupadas.

CALES SON AS CONDICIÓN DE COFINANCIAMENTO? (Art. 7). A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto, se ben a subvención concedida non superará en ningún caso os 185.000 euros para proxectos plurianuais. Para proxectos cuxa execución estea limitada ao ano 2025 o importe máximo da subvención será de 60.000 euros. Nos proxectos presentados por unha agrupación de entidades, a subvención concedida non excederá o límite de 240.000 euros. Para proxectos cuxa execución estea limitada ao ano 2025, o importe máximo da subvención será de 100.000 euros. As achegas do resto de financiadores non poderán ser na súa totalidade valorizadas. A subvención concedida aos proxectos plurianuais, tanto os presentados polas ONGD como polos outros axentes, distribuirase o 35% no 2025 e 65% no 2026. No caso de que na solicitude de subvención a entidade solicitante non respecte esta porcentaxe, axustarase de oficio pola administración concedente e comunicarse coa resolución de concesión, e entenderase a súa conformidade coa aceptación posterior da subvención da entidade beneficiaria. Esta distribución non será obrigada no caso da última subvención concedida, a cal poderá acadar unhas porcentaxes diferentes en función do crédito que estea dispoñible para cada anualidade.	¿CUÁLES SON LAS CONDICIONES DE COFINANCIACIÓN? (Art. 7). La Xunta de Galicia podrá financiar hasta un 95% del presupuesto total del proyecto, si bien la subvención concedida no superará en ningún caso los 185.000 euros para proyectos plurianuales. Para proyectos cuya ejecución esté limitada al año 2025 el importe máximo de la subvención será de 60.000 euros. En los proyectos presentados por una agrupación de entidades, la subvención concedida no excederá el límite de 240.000 euros. Para proyectos cuya ejecución esté limitada al año 2025, el importe máximo de la subvención será de 100.000 euros. Los aportes del resto de financiadores no podrán ser en su totalidad valorizados. La subvención concedida a los proyectos plurianuales, tanto los presentados por las ONGD como por los otros agentes, se distribuirá o 35% en 2025 y 65% en 2026. En el caso de que en la solicitud de subvención la entidad solicitante no respete este porcentaje, se ajustará de oficio por la administración concedente y se comunicará con la resolución de concesión, y se entenderá su conformidad con la aceptación posterior de la subvención de la entidad beneficiaria. Esta distribución no será obligada en el caso de la última subvención concedida, la cual podrá alcanzar unos porcentajes diferentes en función del crédito que esté disponible para cada anualidad.
ONDE E CANDO PRESENTAR UN PROXECTO? (Art. 4). As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365). Datas As solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.	¿DÓNDE Y CUÁNDO PRESENTAR UN PROYECTO? (Art. 4). Las solicitudes deberán presentarse obligatoriamente por medios electrónicos a través del formulario normalizado (anexo II) disponible en la sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal. De conformidad con el artículo 68.4 de la Ley 39/2015, do 1 de octubre, do procedimient administrativo común de las Administraciones Públicas, si alguna de las personas interesadas presenta su solicitud presencialmente, se le requerirá para que la enmiende a través de su presentación electrónica. Para estos efectos se considerará como fecha de presentación de la solicitud aquella en la que fuese realizada la enmienda. Para la presentación de las solicitudes podrá emplearse cualquiera de los mecanismos de identificación y firma admitidos por la sede electrónica de la Xunta de Galicia, incluido el sistema de usuario y clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365). Fechas Las solicitudes podrán presentarse en el plazo de un mes contado desde el día siguiente al de publicación de esta orden en el Diario Oficial de Galicia.

COMO SE SELECCIONAN OS PROXECTOS? (Art. 9 - 10- 13- 14). Os proxectos seleccionaranse tendo en conta os criterios de valoración do artigo 9. Consonte o artigo 13, para superar a fase de valoración dos proxectos será necesario acadar unha puntuación mínima do 50 %) nos epígrafes I "entidade solicitante", II "socio local" e do 50% no epígrafe III "proxecto". No caso de empate na puntuación total obtida, este resolverase aplicando por orde os seguintes criterios: - A maior puntuación obtida na valoración do proxecto. - A maior puntuación obtida na valoración da entidade solicitante. - A maior puntuación obtida na valoración da contraparte ou socio local Unha vez recibidas e examinadas as solicitudes, se estas non reúnen os requisitos sinalados ou carecen de documentación, requiriranse aos/ás interesados/as para que, nun prazo de dez días, emenden a falla ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixeran, desistirán da súa petición, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos nos artigos 21, 22 e 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Datas O prazo de resolución e notificación será de catro meses como máximo, contado dende o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes. De non notificarse resolución expresa neste prazo as solicitudes teranse por desestimadas.	¿CÓMO SE SELECCIONAN LOS PROYECTOS? (Art. 9 -10 – 13- 14). Los proyectos se seleccionarán teniendo en cuenta los criterios de valoración del artículo 9. Conforme el artículo 13, para superar la fase de valoración de los proyectos será necesario alcanzar una puntuación mínima del 50 % en los epígrafes I "entidad solicitante", II "socio local" y del 50% en el epígrafe III "proyecto". En caso de empate en la puntuación total obtenida, este se resolverá aplicando por orden los siguientes criterios: - la mayor puntuación obtenida en valoración del proyecto. - la mayor puntuación obtenida en valoración de la entidad solicitante. - la mayor puntuación obtenida en valoración de la contraparte o socio local Una vez recibidas y examinadas las solicitudes, si éstas no reúnen los requisitos señalados o carecen de documentación, se requerirán a los/las interesados/as para que, en un plazo de diez días, enmienden la falla o acompañen los documentos preceptivos, con indicación de que si así no lo hicieran, desistirán de su petición, previa resolución que deberá dictarse en los términos previstos en los artículos 21, 22 y 23 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas. Fechas El plazo de resolución y notificación será de cuatro meses como máximo, contado desde el día siguiente al de la finalización del plazo de presentación de solicitudes. De no notificarse resolución expresa en este plazo las solicitudes se tendrán por desestimadas.
DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA (Art. 5). O proxecto presentarse do seguinte xeito: Impreso de solicitude: ANEXO II (deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal). Carpeta I: información relativa á entidade solicitante. (No caso de agrupación de entidades a documentación relativa a esta carpeta debe aportarse para cada unha das entidades agrupadas) Carpeta II: información relativa á contraparte(s) ou socio(s) local(is) (no caso de ser varias deberase aportar de cada unha delas). Carpeta III: información relativa ao proxecto de desenvolvemento. A documentación das carpetas será presentada exclusivamente en sede electrónica. Os formularios están dispoñibles na web de Cooperación Galega: https://cooperacion.xunta.gal/	DOCUMENTACIÓN OBLIGATORIA (Art. 5). El proyecto se presentará de la siguiente manera: Impreso de solicitud: ANEXO II (deberá presentarse obligatoriamente por medios electrónicos a través del formulario normalizado disponible en la sede electrónica de la Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal). Carpeta I: información relativa a la entidad solicitante. (En caso de agrupación de entidades la documentación relativa a esta carpeta debe aportarse para cada una de las entidades agrupadas) Carpeta II: información relativa a la contraparte(s) o socio(s) local(es) (en el caso de ser varias deberá aportarse de cada una ellas). Carpeta III: información relativa al proyecto de desarrollo. La documentación de las carpetas será presentada exclusivamente en sede electrónica. Los formularios están disponibles en la web de Cooperación Gallega: https://cooperacion.xunta.gal/

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, se deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada. Debe lembrar que: A falla de documentación relativa ás carpetas I II e III e de información nalgunha das carpetas impedirá a avaliación do proxecto, se non se procede a súa emenda dentro do prazo establecido no artigo 9 da convocatoria. So quedarán excluídos da posibilidade de emenda os documentos normalizados de formulación técnica e económica da carpeta 3 Así mesmo, a manipulación dos documentos de formulación normalizados ou o emprego dun documento que non sexa o adaptado á presente convocatoria conducirán á exclusión e a non avaliación do proxecto (Art.3.2).	https://cooperacion.xunta.gal/ La documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Las personas interesadas se responsabilizarán de la veracidad de los documentos que presenten. Excepcionalmente, la Administración podrá requirir la exhibición del documento original para el cotejo de la copia electrónica presentada. Siempre que se realice la presentación de documentos separadamente de la solicitud, se deberá mencionar el código y el órgano responsable del procedimiento, el número de expediente e el número o código único de registro. En caso de que alguno de los documentos a presentar de forma electrónica supere los tamaños máximos establecidos o tenga un formato no admitido por la sede electrónica se permitirá la presentación de este de forma presencial dentro de los plazos previstos e la forma indicada. Debe recordar que: La falla de documentación relativa a las carpetas I II y III y de información en alguna de las carpetas impedirá la evaluación del proyecto, si no se procede a su enmienda dentro del plazo establecido en el artículo 9 de la convocatoria. Sólo quedarán excluidos de la posibilidad de enmienda los documentos normalizados de formulación técnica y económica de la carpeta 3 Asimismo, la manipulación de los documentos de formulación normalizados o el empleo de un documento que no sea el adaptado a la presente convocatoria conducirán a la exclusión y la no evaluación del proyecto (Art.3.2).
--	--

CONSELLOS PRÁCTICOS PARA CUBRIR O DOCUMENTO DE FORMULACIÓN DO PROXECTO. Vostede debe cubrir os datos directamente sobre os documentos de formulación. Se precisara unha ou máis páxinas para completar a información, estas deben aparecer automaticamente no proceso de escritura. No caso de que isto non sucedera poderá copiar a ficha do formulario tantas veces como precise. En caso de aportar documentación complementaria como anexo, recoméndase numeralos e referencialos correctamente, na medida do posible indicando páxina e parágrafo, facilitando a busca ás persoas avaliadoras.	CONSEJOS PRÁCTICOS PARA CUBRIR EL DOCUMENTO DE FORMULACIÓN DEL PROYECTO. Usted debe cubrir los datos directamente sobre los documentos de formulación. Si precisara una o más páginas para completar la información, éstas deben aparecer automáticamente en el proceso de escritura. En caso de que esto no sucediera podrá copiar la ficha del formulario tantas veces como precise. En caso de aportar documentación complementaria como anexo, se recomienda numerarlos y referenciarlos correctamente, en la medida de lo posible indicando página y párrafo, facilitando la búsqueda a las personas evaluadoras.
SECCIÓN A - PRESENTACIÓN DO PROXECTO. Nesta sección, definiranse os datos concretos da entidade solicitante, da contraparte ou socio local e no caso de proxectos presentados por varias entidades que se agrupen, os datos relativos ás entidades que participen no proxecto. Título do proxecto: Introducir neste apartado, o nome completo do proxecto. Ten que coincidir o máximo posible co obxectivo específico do proxecto. Deberá permanecer sen variacións durante toda a vida do proxecto. Período de execución. Data de inicio e de finalización. Duración (meses): Indicarase a data de inicio e finalización do proxecto (indicando como mínimo mes e ano) así como o número de meses que se prevén para a súa execución. É imprescindible que as datas do período de execución se correspondan co cronograma do proxecto. Debe lembrar que: A execución do proxecto non pode estar iniciada antes do 1 de xaneiro de 2025, sendo necesario que o inicio das actividades sexa no ano 2025. No suposto nos que o proxecto teña carácter anual deberá ser executado antes do 31 de decembro do ano 2025 No caso dos proxectos con carácter plurianual, os proxectos deberán executarse antes do 31 de decembro do 2026. País/Área xeográfica de actuación: Indicarase o país onde se executará o proxecto. Farase constar o nome da localidade e departamento que mellor sirva para localizar a área de execución. Orzamento total: Montante global ao que ascende o proxecto. Todas as cantidades serán expresadas en euros. Subvención solicitada á Xunta: Montante total da subvención solicitada, tendo en conta o establecido no artigo 6 das bases, % de subvención sobre o total do orzamento: Calcular a porcentaxe da subvención solicitada sobre o custo total do proxecto.	SECCIÓN A - PRESENTACIÓN DEL PROYECTO. En esta sección, se definirán los datos concretos de la entidad solicitante, de la contraparte o socio local y en caso de proyectos presentados por varias entidades que se agrupen, los datos relativos a las entidades que participen en el proyecto. Título del proyecto: Introducir en este apartado, el nombre completo del proyecto. Tiene que coincidir lo máximo posible con el objetivo específico del proyecto. Deberá permanecer sin variaciones durante toda la vida del proyecto. Período de ejecución. Fecha de inicio y de finalización. Duración (meses): Se indicará la fecha de inicio y finalización del proyecto (indicando como mínimo mes y año) así como el número de meses que se prevén para su ejecución. Es imprescindible que las fechas del período de ejecución se correspondan con el cronograma del proyecto. Debe recordar que: La ejecución del proyecto no puede estar iniciada antes del 1 de enero de 2025, siendo necesario que el inicio de las actividades sea en el año 2025. En el supuesto en los que el proyecto tenga carácter anual éste deberá ser ejecutado antes del 31 de diciembre del año 2025. En caso de los proyectos con carácter plurianual, los proyectos deberán ejecutarse antes del 31 de diciembre del 2026. País/área geográfica de actuación: Se indicará el país dónde se ejecutará el proyecto. Se hará constar el nombre de la localidad y departamento que mejor sirva para localizar el área de ejecución. Presupuesto total: Montante global al que asciende el proyecto. Todas las cantidades serán expresadas en euros. Subvención solicitada a la Junta: Montante total de la subvención solicitada. Teniendo en cuenta el artículo 6 de las bases % de subvención sobre el total del presupuesto: Calcular el porcentaje de la subvención solicitada sobre el coste total del proyecto.

Entidade solicitante: Indicarase as siglas e o nome completo da entidade solicitante, enderezo social, base social total (se procede), base social en Galicia (se procede), teléfonos, fax, web, enderezo electrónico, NIF da entidade, data de constitución, data e número de inscrición no rexistro galego de axentes de cooperación, representante legal e responsable da entidade en Galicia e responsable da xestión técnica e económica do proxecto en Galicia. Entidade/s agrupada/s: No caso de proxectos presentados por unha agrupación de entidades, indicarase as siglas e o nome completo da/s entidade/s integrantes, enderezo, persoa responsable, data de constitución, forma xurídica e calquera dato administrativo de interese. Será necesario indicar no apartado correspondente, a pertinencia da agrupación e o impacto que esta terá sobre o proxecto e sobre as entidades participantes nesta. Entidade/s contraparte/s ou socias local/is: Institución/s local/is executora/s ou colaboradora/s na execución do proxecto; incluír nome completo, enderezo, persoa responsable, data de constitución, forma xurídica, ámbito de actuación e calquera dato administrativo de interese. Así mesmo, debe especificarse se é unha ONGD de base, empresa, administración pública, asociación local, etc. No caso de que sexa necesario, indicar a forma xurídica da entidade. Non terán a consideración de contrapartes ou socios locais as delegacións de entidades españolas distintas da entidade solicitante, aínda que estean legalizadas no país de execución do proxecto. As contrapartes ou socios locais, deben estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro correspondente no país de intervención no seu caso, con anterioridade á publicación desta convocatoria.	Entidad solicitante: Se indicarán las siglas y el nombre completo de la entidad solicitante, dirección social, base social total (si procede), base social en Galicia (si procede), teléfonos, fax, web, dirección electrónica, NIF de la entidad, fecha de constitución, fecha y número de inscripción en el registro gallego de agentes de cooperación, representante legal y responsable de la entidad en Galicia y responsable de la gestión técnica y económica del proyecto en Galicia. Entidad/es agrupada/s: En caso de proyectos presentados por una agrupación de entidades, se indicarán las siglas y el nombre completo de la/s entidad/es integrantes, dirección, persona responsable, fecha de constitución, forma jurídica y cualquier dato administrativo de interés. Será necesario indicar en el apartado correspondiente, la pertinencia de la agrupación y el impacto que esta tendrá sobre el proyecto y sobre las entidades participantes en la misma. Entidad/es contraparte/s o socias local/es: Institución/es local/es ejecutora/s o colaboradora/s en la ejecución del proyecto; incluir nombre completo, dirección, persona responsable, fecha de constitución, forma jurídica, ámbito de actuación y cualquier dato administrativo de interés. Asimismo, debe especificarse si es una ONGD de base, empresa, administración pública, asociación local, etc. En caso de que sea necesario, indicar la forma jurídica de la entidad. No tendrán la consideración de contrapartes o socios locales las delegaciones de entidades españolas distintas de la entidad solicitante, aunque estén legalizadas en el país de ejecución del proyecto. Las contrapartes o socios locales, deben estar legalmente constituidas e inscritas en el Registro correspondiente en el país de intervención en su caso, con anterioridad a la publicación de esta convocatoria.
SECCIÓN B - DESCRICIÓN DO PROXECTO. Observación xeral: a extensión máxima que se indica no título de cada apartado non se debe entender de xeito estrito senón coma un referente a ter en conta por se nalgún caso se precisara unha maior extensión non desproporcionada para explicar cada concepto.	SECCIÓN B - DESCRIPCIÓN DEL PROYECTO. Observación general: la extensión máxima que se indica en el título de cada apartado no se debe entender de manera estricta sino como un referente a tener en cuenta por si en algún caso se precisase una mayor extensión no desproporcionada para explicar cada concepto.
B.1. Resumo do proxecto Farase unha breve descrición do proxecto de maneira concisa e que será coherente coa información e os datos presentados ao longo do documento de formulación do proxecto, mencionando expresamente os resultados, produtos e efectos que se van a obter e especificando claramente se o proxecto se	B.1. Resumen del proyecto Se hará una breve descripción del proyecto de manera concisa y que será coherente con la información y los datos presentados a lo largo del documento de formulación del proyecto, mencionando expresamente los resultados, productos y efectos que se van a obtener y especificando claramente si el proyecto se

integra en estratexias de desenvolvemento máis amplas ás que complementa e/ou se o proxecto da continuidade a intervencións previas, ou concíbese como unha primeira fase dunha intervención a máis longo prazo. Axudará no resumo do proxecto dar resposta concisa a: Qué se quere facer e obter? Para qué? Cómo? Onde? Con quen? ... Importante mencionar tamén a participación e compromisos (se os hai) dos titulares de obrigas e responsabilidades, de cara á maior viabilidade e sustentabilidade das propostas.	integra en estrategias de desarrollo más amplias a las que complementa y/o si el proyecto da continuidad a intervenciones previas, o se concibe como una primera fase de una intervención a más largo plazo. Ayudará en el resumen del proyecto dar respuesta concisa a: ¿Qué se quiere hacer y qué obtener? ¿Para qué? ¿Cómo? ¿Dónde? ¿Con quién? ... Importante mencionar también la participación y compromisos (si los hay) de los titulares de obligaciones y responsabilidades, de cara a la mayor viabilidad y sostenibilidad de las propuestas
B.2. Contexto e antecedentes do proxecto e caracterización do sector de Intervención: Farase unha consideración global sobre o marco no que se inscribe o proxecto e incluíranse aqueles antecedentes relevantes que expliquen a pertinencia da presenza da Cooperación Galega. ▪ Datos da área física e económica onde se vai executar o proxecto que sexan relevantes para comprender a natureza dos problemas que o proxecto intenta resolver: marco xeográfico, características económicas, políticas, sociais e culturais, datos demográficos, incluíndo cuestións de xénero, etc. Deben considerarse as condicións xerais que se dan no país (no caso de que sexa necesario) e na zona de traballo que afectan directa ou indirectamente á poboación destinataria participante. Valorarase que os datos de contexto aportados sexan actuais, reais, obxectivos e concretos con mención da fonte de obtención destes. Fuxirase de datos demasiado xerais e intentarase concreción na zona e sector de intervención. Se os datos saen dun proceso de identificación realizado de xeito participativo, mencionalo e achegar probas concretas e resultados do proceso. ▪ Debe achegarse información sobre as intervencións actuais ou dun pasado recente na zona, os resultados conseguidos con elas, as boas prácticas identificadas e as recomendacións realizadas no marco dos procesos avaliadores, ben sexan experiencias propias da organización solicitante e socio local, ou da propia comunidade no lugar de actuación. Especificarase claramente si se recibiu financiamento da Xunta de Galicia ou doutros doantes en convocatorias anteriores. ▪ Comentar a localización máis exacta posible do proxecto. Mapa de situación dentro do país / rexión de actuación/outros mapas. Deberán incluírse como documentos adxuntos tantos planos como se crean necesarios para a situación e comprensión perfecta do proxecto. Referirse á accesibilidade da zona, tanto no referido ás vías de acceso e a súa practicabilidade ao longo do ano e das distintas	B.2. Contexto y antecedentes del proyecto y caracterización del sector de Intervención: Se hará una consideración global sobre el marco en el que se inscribe el proyecto y se incluirán aquellos antecedentes relevantes que expliquen la pertinencia de la presencia de la Cooperación Gallega. ▪ Datos del área física y económica dónde se va a ejecutar el proyecto que sean relevantes para comprender la naturaleza de los problemas que el proyecto intenta resolver: marco geográfico, características económicas, políticas, sociales y culturales, datos demográficos, incluyendo cuestiones de género, etc. Deben considerarse las condiciones generales que se dan en el país (en caso de que sea necesario) y en la zona de trabajo que afectan directa o indirectamente a la población destinataria participante. Se valorará que los datos de contexto aportados sean actuales, reales, objetivos y concretos con mención de la fuente de obtención de los mismos. Se huirá de datos demasiado generales y se intentará concreción en la zona y sector de intervención. Si los datos salen de un proceso de identificación realizado de manera participativa, mencionarlo y aportar pruebas concretas y resultados del proceso. ▪ Debe aportarse información sobre las intervenciones actuales o de un pasado reciente en la zona, los resultados conseguidos con ellas, las buenas prácticas identificadas y las recomendaciones realizadas en el marco de los procesos de evaluación, bien sean experiencias propias de la organización solicitante y socio local, o de la propia comunidad en el lugar de actuación. Se especificará claramente si se recibió financiación de la Xunta de Galicia o de otros donantes en convocatorias anteriores. ▪ Comentar la localización más exacta posible del proyecto. Mapa de situación dentro del país / región de actuación / otros mapas. Deberán incluirse como documentos adjuntos tantos planos como se crean necesarios para la situación y comprensión perfecta del proyecto. Referirse a la accesibilidad de la zona, tanto en lo referido a las vías de acceso y su

estacións, como a aspectos de seguridade e/ou confianza.

▪ Especificar con detalle cales son, se as hai, as estratexias de desenvolvemento máis amplas nas que se insire o proxecto, e ás cales complementa, así como se é o caso, os proxectos e intervencións previas ás que se da continuidade, e as causas de facelo, partindo dos resultados conseguidos con intervencións anteriores e xustificando a necesidade de continuidade, en base a avaliacións e análises (internas ou externas) concretas, que deberán aportarse como documentos anexos. Valórase positivamente a incorporación como anexo dun informe de avaliación que recomende as liñas de actuación seguidas na proposta presentada.

Polo que se refire á caracterización do Sector de actuación do proxecto:

Neste apartado poderase especificar:

□ Descrición do sector no país no que incidirá o proxecto: identificar que parte do sistema (saúde, educativo, asentamentos humanos...). Aportar datos actuais, obxectivos concretos sobre as características, problemática, necesidades do sector ou sectores de intervención do proxecto, a nivel nacional e local, mencionando as fontes de obtención de datos e especificando a súa afectación polo actual contexto. Definir igualmente como o proxecto tratará de afrontar a situación descrita, así como os resultados e produtos que se esperan obter.

□ Asistencia anterior ou en curso: explicar o tipo de cooperación técnica e/ou financeira que está recibindo o país no sector de actuación. Pídesse mencionar brevemente os proxectos ou actividades que se están a levar a cabo en apoio á súa mellora ou desenvolvemento.

□ Marco institucional do sector: describir brevemente que institucións ou organismos son titulares de obrigas e responsabilidades no sector e como se prevé a súa participación no proxecto, que organización ou institución se fará cargo da execución do proxecto e como se articulará co conxunto da administración nacional ou local, así como a garantía de apropiación por parte desta e como se sentarán as bases para a sustentabilidade futura das accións emprendidas.

Indicarase o tipo de coordinación con outros organismos gubernamentais e non gubernamentais e mecanismos concretos para articular a coordinación, o intercambio de información, a rendición de contas... (creación de órganos de dirección ou xestión, participación en mesas de diálogo, comités etc). Clasificar e describir de acordo coa proposta presentada, como se traballará e quen son

practicabilidade a lo largo del año y de las distintas estaciones, como a aspectos de seguridade y/o confianza.

▪ Especificar con detalle cuáles son, si las hay, las estrategias de desarrollo más amplias en las que se inserta el proyecto, y a las cuales complementa, así como en su caso, los proyectos e intervenciones previos a los que se da continuidad, y las causas de hacerlo, partiendo de los resultados conseguidos con intervenciones anteriores y justificando la necesidad de continuidad, en base a evaluaciones y análisis (internos o externos) concretos, que deberán aportarse como documentos anexos. Se valora positivamente la incorporación como anexo de un informe de evaluación que recomiende las líneas de actuación seguidas en la propuesta presentada. Por lo que respecta a la caracterización del Sector de actuación del proyecto: En este apartado podrá especificarse:

□ Descripción del sector en el país en el que incidirá el proyecto: identificar qué parte del sistema (salud, educativo, asentamientos humanos...). Aportar datos actuales, objetivos y concretos sobre las características, problemática, necesidades del sector o sectores de intervención del proyecto, a nivel nacional y local, mencionando las fuentes de obtención de datos y especificando su afectación por el actual contexto. Definir igualmente cómo el proyecto tratará de afrontar la situación descrita, así como los resultados y productos que se esperan obtener.

□ Asistencia anterior o en curso: explicar el tipo de cooperación técnica y/o financiera que está recibiendo el país en el sector de actuación. Se pide mencionar brevemente los proyectos o actividades que se están llevando a cabo en apoyo a su mejora o desarrollo.

□ Marco institucional del sector: describir brevemente qué instituciones u organismos son titulares de obligaciones y responsabilidades en el sector y como se prevé su participación en el proyecto, qué organización o institución se hará cargo de la ejecución del proyecto y cómo articulará con el conjunto de la administración nacional o local, así como la garantía de apropiación por parte de ésta y cómo se sentarán las bases para la sostenibilidad futura de las acciones emprendidas. Se indicará el tipo de coordinación con otros organismos gubernamentales y no gubernamentales y mecanismos concretos para articular la coordinación, el intercambio de información, la rendición de cuentas... (creación de órganos de dirección o gestión, participación en mesas de diálogo, comités, etc).

Clasificar y describir de acuerdo con la propuesta presentada, cómo se trabajará y

considerados coma titulares de dereitos, titulares de obrigas e titulares de responsabilidades. Valorarase a existencia de convenios de colaboración e compromisos concretos dos titulares de obrigas e responsabilidades co proxecto.	quiénes son considerados como titulares de derechos, titulares de obligaciones y titulares de responsabilidades. Se valorará la existencia de convenios de colaboración y compromisos concretos de los titulares de obligaciones y responsabilidades con el proyecto.
